

Información da reunión de negociación no Ministerio de Sanidade para un “Novo Estatuto Marco” do 22 de xaneiro de 2025

O documento presentado non cumpre coas pretensións que CIG-Saúde defende desde que se iniciou esta negociación.

Xornada

CIG-Saúde demanda que o EM regule **a xornada máxima** (ordinaria + atención continuada ou complementaria) a realizar e se regule, de maneira clara, **o réxime de descansos**; tamén a **exención de quendas nocturnas** para as persoas maiores de 55 anos.

Clasificación Profesional

Para CIG-Saúde esta negociación é a oportunidade para incorporar **unha clasificación profesional adaptada ás e aos profesionais da sanidade pública** e non unha mera translación do Marco de Cualificacións vixente.

Demandamos que o novo EM incorpore **unha clasificación propia**, que recoñeza os requisitos de titulación, a formación sanitaria específica e a prestación do traballo que se realiza, e estableza un réxime extraordinario de adaptación da situación actual aos novos requirimentos.

Manifestamos a nosa oposición ao recollido de que as retribucións básicas non experimentarán variacións polo que a nova clasificación non terá efectos económicos.

Sistema retributivo

Reclamamos un **novo sistema retributivo adaptado á nova clasificación profesional** e que contemple as pagas extras completas con todos os conceptos, incluída a Carreira Profesional.

Xubilación

Defendemos que no novo EM debe figurar **a regulación básica da xubilación voluntaria total, parcial, e anticipada**, e exiximos que a negociación da xubilación do persoal estatutario se produza no seu ámbito de negociación e **que figure expresamente recollida no EM.**



Inclúen **nunha disposición adicional que se fará un estudo de viabilidade** da xubilación parcial e anticipada nos servizos de saúde. **Esta disposición transitoria deixa en papel mollado todo o referente a xubilación**, e os sindicatos CCOO e UGT, cómplices disto, insisten en negociar estas condicións fora do Ámbito de negociación do Estatuto Marco.

Investigación

Sobre **o persoal estatutario dos ámbitos da investigación**, reclamamos agrupar os artigos dispersos, nun título ou capítulo, para reforzar a necesidade de **crear as diferentes categorías de persoal estatutario no ámbito da investigación**.

Funcións

Falamos tamén da necesidade de **actualizar as funcións das principais categorías profesionais da sanidade pública** e reclamamos que o novo estatuto non pode consolidar funcións preconstitucionais.

Réxime de incompatibilidades

CIG-Saúde defende a dedicación exclusiva á sanidade pública e mais aínda cando estamos a falar **dos postos directivos e/ou de xefaturas**, onde vemos necesario recoller no Estatuto Marco a incompatibilidade destes profesionais a desenvolver calquera actividade privada.



O Ministerio estableceu un calendario inicial de negociación nos meses de febreiro, marzo e abril onde pretende dar por finalizado o documento.

CIG-Saúde seguirá a defender estas cuestións básicas na negociación do Estatuto Marco, xa que non recollelas supón continuar cun Estatuto Marco que non está á altura do noso sistema sanitario público!!

